

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-2020

---

CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA

LINGUA E LITERATURA CASTELÁ  
2º EDUCACIÓN PRIMARIA

## Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	3
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	4
4. Información e publicidade.....	4

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL CAA
B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios ou non literarios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	CCL CAA CCEC
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	CCL
B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	CCL CAA
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa) e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...	CCL CD CAA
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	CCL
B5.6. Reproducir textos literarios breves e moi sinxelos adaptados á súa idade.	LCB5.6.1. Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas.	CCL

## 2. Avaliación e cualificación.

<b>Avaliación</b>	Procedementos: terase en conta a elaboración diaria das tarefas propostas así como o interese por facelas ben. Instrumentos: un breve test semanal online creado con Google Forms para comprobar o desenvolvemento correcto do traballo semanal.
<b>Cualificación final</b>	Para a obtención da nota final do curso terase en conta o 1º trimestre cun 40%, o 2º trimestre cun 40% e o 3º trimestre cun 20%. Así mesmo, por contemplar unha avaliación continua, no caso de ter un suspenso na 1º avaliación e un aprobado na 2º, considéranse acadados os mínimos necesarios para a promoción.
<b>Proba extraordinaria de setembro:</b>	Por aplicar un carácter de avaliación continua e que os contidos, obxectivos, estándares e competencias se poden traballar no vindeiro curso, non se concibe unha proba extraordinaria para setembro.
<b>Criterios de avaliación:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Elaboración das tarefas propostas polo profesorado.</li><li>- Completar o test/enquisa semanal online de avaliación sobre o traballado na semana.</li><li>- Comunicación diaria e/ou semanal co titor para informar sobre os avances, dificultades ou problemas atopados á hora de levar a cabo o traballo proposto.</li></ul>
<b>Criterios de cualificación:</b>	60% elaboración de tarefas. 30% test/enquisa online. 10% informe/comunicación das familias co titor.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades:</b>	Debido ó curso no que se está a traballar, as actividades están centradas no perfeccionamento do proceso de lectoescritura así como do traballo de grafomotricidade e un inicio ó coñecemento da propia lingua.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Como todo o conxunto do alumnado ten un acceso mínimo a internet e ó ter enviados os libros para as casas antes do peche dos centros, semanalmente realízase o envío dun horario/esquema co traballo pautado para cada día. Neste horario contéplase un traballo semellante ó que se podería levar a cabo nunha aula ordinaria, facilitando vídeos explicativos para unha mellor comprensión dos conceptos e unha proposta de tarefas adicionais máis lúdicas e amenas para complementar o traballo curricular levado a cabo.
<b>Materiais e recursos:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libro de texto.</li> <li>- Enlaces a vídeos online de índole educativa meramente complementarios e aclaratorios.</li> <li>- Libreta ou folios para a realización de determinadas tarefas complementarias ou modificadas das propostas no libro.</li> </ul>

### 4. Información e publicidade.

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As comunicación ás familias fanse vía Abalar móbil ao igual que se leva facendo dende o comezo do curso.
<b>Publicidade</b>	Este documento, igual que as tarefas semanais propostas para o alumnado estará colgado na páxina web do centro <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/</a>